



CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)

R.E.L.N.º: 0115888. C.I.F.: P1508900F. Teléf.: 981889000 – Fax: 981889100
Rúa Arcai, 41 – Bembibre. 15873 – Val do Dubra. E-mail: correo@valdodubra.gal

ANUNCIO DE APROBACIÓN DEFINITIVA NO TABOLEIRO DE ANUNCIOS DO CONCELLO DE VAL DO DUBRA

SUMARIO

Elevación a definitiva da aprobación inicial da Ordenanza Reguladora do prezo público pola prestación de servizos educativos e formativos na aula mentor do Concello de Val do Dubra.

TEXTO

Ao non terse presentado reclamacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o Acordo plenario inicial, de data 16/02/2023, aprobatorio da Ordenanza Reguladora do prezo público pola prestación de servizos educativos e formativos na aula mentor do Concello de Val do Dubra, cuxo texto íntegro se fai público, para o seu xeral coñecemento e en cumprimento do disposto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local:

«ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS EDUCATIVOS E FORMATIVOS NA AULA MENTOR DO CONCELLO DE VAL DO DUBRA

1. FUNDAMENTO E NATUREZA.

1.1. De conformidade co previsto no artigo 127, en relación co artigo 41 TR 2/2004 da Lei reguladora das facendas locais, este Concello establece o prezo público pola prestación dos servizos educativos e formativos da Aula Mentor do Concello de Val do Dubra, especificando as tarifas no artigo 4 e seguintes, que se rexerán polo presente texto normativo.

2. CONCEPTO.

2.1. Os prezos públicos regulados nesta ordenanza constitúen prestacións patrimoniais de carácter público que se satisfarán polos usuarios que voluntariamente soliciten a inclusión nos cursos e programas formativos da plataforma de ensinanza non regrada online da “Aula Mentor” dependente do Ministerio de Educación, co cal o Concello concertou un convenio de colaboración.

3. OBRIGADOS AO PAGAMENTO.



CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)

R.E.L.N.º: 0115888. C.I.F.: P1508900F. Teléf.: 981889000 – Fax: 981889100
Rúa Arcai, 41 – Bembibre. 15873 – Val do Dubra. E-mail: correo@valdodubra.gal

3.1. *Están obrigados ao pago do prezo público regulado nesta ordenanza, aqueles usuarios que soliciten e se beneficien dos servizos especificados no artigo anterior.*

4. CONTÍA.

4.1. *A contía do prezo público deriva da aplicación das seguintes tarifas:*

4.1.1. *Matrícula e asistencia de dous meses á plataforma, por curso: 48 euros.*

4.1.2. *Mes de asistencia e acceso á plataforma, por curso ou programa: 24 euros.*

5. BONIFICACIÓNS.

5.1. *Aqueles usuarios que fosen seleccionados para participar en programas formativos desenvolvidos polo Concello coma medidas de integración social e laboral, para loitar contra a exclusión de colectivos como son o da mocidade, as persoas en situación de desemprego afectadas pola situación da crise socioeconómica e outros colectivos en situación de vulnerabilidade ou exclusión social, terán unha bonificación do 100% das cotas previstas nesta ordenanza.*

5.2. *O desfrute das bonificacións previstas no artigo 5.1 desta ordenanza quedarán supeditadas ao cumprimento por parte dos usuarios das condicións establecidas nas bases e acordos do Concello que regulen os programas.*

5.3. *Non terán dereito a bonificación ou redución algunha aqueles alumnos que non estean ao corrente coas obrigas tributarias co Estado, Comunidade Autónoma e a facenda municipal, así coma coa Seguridade Social.*

6. NORMAS DE XESTIÓN.

6.1. *O cobro das tarifas do prezo público recollidas nesta ordenanza farase mediante autoliquidación dos obrigados ao pago nos impresos habilitados ao efecto pola administración municipal e ingreso das contías correspondentes nas entidades bancarias autorizadas, con anterioridade en todo caso ao inicio da prestación do servizo.*

6.2. *A desistencia ou falta de asistencia dos usuarios ao servizo non suporá redución nin exención da obriga de pagamento, non procedendo a devolución das contías ingresadas salvo que por causas non imputables ao obrigado ao pago do prezo, o servizo ou a actividade non se preste ou desenrole.*

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

Queda derogada calquera normativa sobre os servizos previstos nesta ordenanza.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA

A presente ordenanza entrará en vigor cando unha vez aprobada definitivamente polo Pleno da corporación e publicado o seu texto integro no Boletín Oficial da Provincia, teña transcorrido o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.»



CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)

R.E.L.N.º: 0115888. C.I.F.: P1508900F. Teléf.: 981889000 – Fax: 981889100
Rúa Arcai, 41 – Bembibre. 15873 – Val do Dubra. E-mail: correo@valdodubra.gal

Contra o presente Acordo, poderase interpor recurso contencioso-administrativo, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia con sede na Coruña, no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á publicación do presente anuncio, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa.